



## RESUME DAS XORNADAS SOBRE: “XESTIÓN DE ZONAS HÚMIDAS INTERIORES: AS AVES COMO INDICADORES”

Con bastante éxito de asistencia e despois da inauguración por parte dos nosos representantes e do alcalde de Cospeito, o día 16 de maio de 2009 tivo lugar na casa da cultura de Feira do Monte (Cospeito-Lugo) a xornada sobre “Xestión de Zonas Húmidas Interiores: As Aves como Indicadores”. Durante a quenda de mañán desenvolvéronse as dúas primeiras ponencias: “Proxectos de recuperación e xestión de humidais en Palencia” referida especialmente á lagoa de “La Nava”, lagoas próximas e “Canal de Castilla”, a cargo de Fernando Jubete da Fundación Global Nature, e “Restauración de humidais en Cataluña: Erros e acertos” por Francesc Giró da Fundación AccióNatura, que nos fixo un relatorio das intervencións feitas en varios humidais xerundenses. A partir das 16:00 horas falou Luis Lobo do Centro de Estudios Ambientales- Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz sobre “Salburua, 10 anos de experiencia na restauración dun humidal periurbano”, onde falou da restauración e actual xestión da lagoa de Salburua nas aforas da cidade de Vitoria (Alava). Despois de cada unha delas houbo interesantes debates nos que os conferenciantes prestáronse ás explicacións solicitadas e ao intercambio de ideas cos asistentes.

Finalmente realizouse unha visita á lagoa de Cospeito, facendo un percorrido por tres dos cinco observatorios existentes, comezando polo ubicado a carón do centro de interpretación, onde Gustavo Martinez Lamas nos deu unhas explicacións sobre o terreo do estado actual e os valores do humidal.

Grazas á ampla experiencia dos conferenciantes, os asistentes poidemos extraer un sinfín de ideas aplicables ou non ás nosas zonas húmidas interiores. Entre outras moitas pódense destacar as referidas a: control hídrico, problemas de eutrofización, decapado de fondos, uso de gando doméstico, instalacións artificiais para nidificación, control de especies invasoras, mantemento da diversidade estrutural, promoción e control socioeconómico, etc.

**Algunhas ideas que se desprenderon da Xornada de Xestión de Zonas húmidas interiores son:**

**1. -A restauración de zonas húmidas é unha práctica habitual e común no marco da conservación da biodiversidade en termos xerais e, concretamente, da conservación da importante riqueza biolóxica asociada a estes hábitats.**

**2. -A conservación das zonas húmidas pasa polo mantemento natural dos seus ciclos hídricos e do hidrosistema, consonte ás condicións ambientais circundantes, particularmente as climáticas.**

**3. -As zonas húmidas precisan ser xestionadas. É básico ter unhas condicións o máis naturais posibles o que pasa polo mantemento das**

**relacións tróficas nos humidais. Sinálase a presenza de gando nas zonas húmidas do planeta, e nas da área mediterránea en particular. O gando ven a realizar as mesmas tarefas de mantemento da diversidade estrutural, ecosistémica e biolóxica que os ungulados silvestres que poboaban os humidais europeos antes da explotación dos mesmos por parte de gando antrópico. A ausencia de gando ou ungulados silvestres é un xeito de xestión de carácter negativo que non ten que ver coa xestión “natural” destes ecosistemas.**

**4. -A conservación dos humidais precisa de indicadores fiables para a toma de decisións cara a súa xestión. En termos xerais cítanse catro indicadores fundamentais: 1.- parámetros físico-químicos, 2.- indicadores biolóxicos como diatomeas e macroinvertebrados acuáticos, 3.- indicadores biolóxicos como a diversidade botánica e 4.- indicadores biolóxicos como as aves.**

**5. -A proliferación actual de especies exóticas invasoras é un grave problema ao que se enfrontan os humidais que debe ocupar boa parte das tarefas de xestión. Cítanse como especies invasoras de gran preocupación: cangrexo americano, visón americano, diversas especies piscícolas, e varias plantas exóticas.**

**6. -A xestión dos humidais ten que responder a un manexo dinámico retroalimentado que debe corrixir erros e mellorar constantemente para o mantemento da diversidade biolóxica.**

**7. -As medidas a tomar dependerán dos obxectivos. Serán diferentes atendendo a se o que perseguimos é a conservación de especies concretas (variando segundo as especies que se trate), a creación dun**

**ecosistema determinado, a recuperación da estrutura orixinaria anterior a un forte impacto, a conservación integral ou híbrida co disfrute social, etc.**

**8. -Das experiencias aportadas polos poñentes dedúcese que a recuperación e bo mantemento dos humidais en áreas interiores é un recurso endóxico de capital importancia pois atrae inxentes cantidades de visitantes a áreas pouco visitadas, o que supón un recurso económico local máis. De entre todos os elementos que compoñen un humidal son as aves os que resultan máis chamativos tanto para o público xeneralista como para o especializado.**